

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 20 DE NOVEMBRO DE 2024

ASISTENTES

Presidente

Prada Rodríguez, Julio.

Vicedecano e Coordinador de calidade

Presedo Garazo, Antonio.

Vicedecana e Representante da Administradora

Arribas Álvarez, Carmen.

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

Coordinadora do Mestrado de Arqueoloxía

Susana Reboreda Morillo

Colaboradora de Calidade

López Díaz, María.

PDI

Xosé Ramón Campos Álvarez

Beatriz Pilar Comendador Rey

Barriocanal López, Yolanda

Alumnado

Domínguez Carrera, Lucía

Representante de Egresados

Lozano González, Carlos

Membros da sociedade

Díaz Naya, Rosa María

A reunión realizase presencialmente na Sala de Profesorado e á vez de xeito telemático na sala de xuntas 1 (Campus virtual) da Facultade de Historia, coa participación dos membros que se citan á marxe o mércores 20 de novembro ás 10,00h en segunda e definitiva convocatoria, cos seguintes puntos a tratar na orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 14 de outubro de 2024 (ordinaria).

2. Informe do presidente.

3. Validación, se procede, dos seguintes rexistros vinculados aos seus correspondentes procedementos:

-R1 DE-03 P1. Informe de revisión pola dirección (curso 2022/2023).

-R2 DO-0102. Plan de melloras (curso 2023/2024).

-R1 MC-05. Informe de resultados de satisfacción propios do centro/titulación (curso 2023/2024).

-R3 DO-0201 P1. Informes de coordinación das titulacións adscritas ao Centro (curso 2023/2024). [*Grao en Xeografía e Historia*]

-R2 DO-0202 P1. Informe de Seguimento do Plan de promoción correspondente ao curso 2023/2024.

-R2 DO-0202. Informe final de avaliación do PAT-ANAE (curso 2023/2024).

4. Asuntos de urxencia.

5. Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 14 de outubro de 2024 (ordinaria).

A Acta é aprobada por asentimento.

2. Informe do presidente.

O presidente comeza por informar das cifras finais de alumnado de primeira matrícula que se concretan en 47 matriculados no Grao en Xeografía e Historia e 11 ou 12 no PCEO, co cal cumprimos as expectativas un ano máis. Neste senso, continúa sinalando que aínda que un dos documentos que se someterá a validación da comisión é o Informe de Seguimento do Plan de promoción correspondente ao curso 2023/2024, xa se está a traballar no plan de promoción para o curso 2024/2025 nunha dobre dirección. Por unha banda coas accións específicas da facultade, ofertando talleres e charlas divulgativas en centros e, en segundo lugar, en coordinación cos restantes centros do Campus con participación en diversas feiras de captación, das que xa están previstas dúas para os días 27 e 28 deste mesmo mes de novembro no IES As Lagoas e en Josefinas e nas Xornadas Coñece o Campus, previstas para os días 15 e 16 de xaneiro e nunha data aínda por concretar do mes de abril. Indica que se está a pensar en posibles accións na comarca de Valdeorras xa que, polas súas características, aporta un número reducido de alumnos ao Campus.

A continuación dá conta da visita o pasado 25 de setembro do Secretario Xeral de Universidades, José Alberto Díez de Castro, acompañado de Beatriz Soutelo, subdirectora xeral de Universidades, e Lourdes Rodilla, xefa do Servizo de Coordinación do Sistema Universitario, destacando que a nota de prensa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional destacou a traxectoria das diferentes titulacións que se imparten na Facultade, recoñeceu o esforzo realizado en materia de captación e animou “a futuros estudantes a matricularse nas titulacións da Facultade de Historia, que leva anos formando a numerosos alumnos, facilitando a coordinación con outras institucións do Sistema Universitario Galego e adaptándose aos novos tempos”. Tamén destaca que na xuntanza trasladou aos responsables da Consellería a importancia de continuar nas liñas de traballo abertas e co compromiso de equilibrio entre as distintas universidades galegas en canto a número máximo de alumnado, demanda coa que se amosaron plenamente coincidentes.

Informa, a continuación, de que o luns día 18 de novembro de 2024 recibíuse o borrador da Guía de Acreditación Institucional da ACSUG que establece o procedemento de renovación da acreditación institucional que deberá pasar o noso Centro para o curso 2025-2026 coas restantes Titulacións da Universidades, agás Bioloxía e Telecomunicacións, que xa o farán no presente curso académico. Lembra que no pasado curso obtivemos a recertificación do noso Sistema de Garantía Interno de Calidade, que antes da entrada en vigor da nova normativa eximía de someterse ao proceso de recertificación das Titulacións, pero que agora deberá abordarse cada seis anos, sendo previsible que afecte só á Titulación. Daquela, sinala que dende a coordinación de calidade será preciso poñerse en contacto coas coordinacións do Grao e dos Mestrados para recabar toda a documentación necesaria e poder cumprir coas esixencias da devandita Guía. Neste senso, insiste na importancia de cumprimentar as fichas de coordinación das distintas materias.

Finalmente, dá conta de que o 18 de novembro iniciouse o proceso de eleccións de membros á Xunta de Centro. Corresponde elixir 2 membros polo sector PDI-B sen vinculación permanente, 2 polo sector de PTXAS e 6 polo alumnado, dos que 5

corresponden a 1º e 2º ciclo e 1 a terceiro ciclo. Este venres, día 22 publicaranse os censos definitivos e entre o 25 e o 26 de novembro poderanse presentar as candidaturas polos diferentes sectores implicados. O 2 de decembro será a proclamación definitiva de candidaturas, e o sorteo da composición da mesa electoral. A votación será o día 9 de decembro e o día 13 a proclamación definitiva de representantes electos, polo que anima aos representantes dos diferentes sectores a presentar unha candidatura que cando menos permita cubrir os postos vacantes.

3. Validación, se procede, dos seguintes rexistros vinculados aos seus correspondentes procedementos:

O decano cede a palabra ao coordinador de calidade, Antonio Presedo Garazo, para que informe dos mesmos.

-R1 DE-03 P1. Informe de revisión pola dirección (curso 2022/2023).

En relación con este informe sinala que é o último que se fai con este modelo. Xa se incluíron os consellos realizados pola comisión de avaliación da ACSUG na súa visita e consistentes en incorporar os códigos alfanuméricos as accións de mellora e realizar unhas conclusións mais detalladas.

-R2 DO-0102. Plan de melloras (curso 2023/2024).

Comenta que dende hai xa algúns cursos se fai a través da aplicación e que, o curso pasado, puxose en marcha un novo procedemento consistente en facer públicas as accións de mellora que se levan a cabo nos centros e, por iso, axuntar capturas de pantalla de todas as melloras, nuns casos xa desenvoltas e outras pendentes (as sinaladas no curso 22/23 desenvoltas no 23/24 e as sinaladas o curso 23/24 que se van desenvolver no vindeiro curso 24/25).

-R1 MC-05. Informe de resultados de satisfacción propios do centro/titulación (curso 2023/2024).

Sinala que se trata dun informe no que se da conta de todas as reunións e accións relacionadas coa calidade que se desenvolven dende o decanato.

-R3 DO-0201 P1. Informes de coordinación das titulacións adscritas ao Centro (curso 2023/2024). [Grao en Xeografía e Historia]

Indica que xa se conta co informe de coordinación do Grao, pero que está pendente o do Mestrado que é previsible que xa esté para a semana que ven, polo que se validará en decembro.

-R2 DO-0202 P1. Informe de Seguimento do Plan de promoción correspondente ao curso 2023/2024.

O curso pasado este informe fíxose a final de curso e o plan de promoción á volta das vacacións, este curso cambiáronse as datas e houbo que facer o plan de promoción e así mesmo o informe de seguimento.

-R2 DO-0202. Informe final de avaliación do PAT-ANAE (curso 2023/2024).

Non se detén no seu comentario xa que está a disposición dos membros da comisión por se queren revisalo polo miúdo.



Apróbanse os rexistros por asentimento.

4. Asuntos de urxencia.

Non hai

5. Rolda de intervencións.

Non hai.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10.30 horas do día 14 de outubro de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro